

## José de Echegaray

(Madrid, 1832-1916)



Foi un polifacético personaxe da España de finais do século XIX. Matemático, enxeñeiro de camiños, dramaturgo, político etc., con excelentes resultados en todas as áreas en que se involucrou. Na súa xuventude lía a Goethe, Homero e Balzac, lecturas que alternaba coas dos matemáticos Gauss, Legendre e Lagrange. Obtivo o Premio Nobel de Literatura en 1904, e desenvolveu varios proxectos no exercicio das carteiras ministeriais de Facenda e Fomento. Realizou importantes contribucións ás Matemáticas e á Física. Introduciu en España a xeometría de Chasles, a teoría de Galois, as funcións elípticas etc. Está considerado como o máis grande matemático español do século XIX. Julio Rey Pastor afirmaba: «Para a Matemática española, o século XIX comeza en 1865, e comeza con Echegaray».